



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ANUNCIO

Por Resolución de alcaldía número 703/2022 do 21 de xuño, aprobouse a organización da Saída Sociocultural á Ribeira Sacra o día 9 de xullo de 2022, así como as bases que rexen esta actividade. Esta Resolución transcrita literalmente dí:

“ASUNTO: EXCURSIÓN RIBEIRA SACRA 9 DE XULLO DE 2022

EXPEDIENTE: 2022/G003/000755

ANTECEDENTES:

1. Este concello ven organizando Saídas Socioculturais para maiores de 55 anos dende o ano 2009, a dende o Área de Benestar Social.
2. Nas oficinas municipais recibíronse varias suxerencias para que estas actividades se desenvolvan para persoas maiores de 18 anos, non só a partir dos 55 anos, polo que se decidiu que estas actividades se planifiquen e organicen dende o Servizo de Cultura do concello.
3. Providencia de alcaldía para que se inicie o expediente: *Visita sociocultural á Ribeira Sacra, 9 de xullo de 2022*, asinada o 20 de xuño de 2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Proposta da traballadora do Servizo de Cultura e Deportes e tramitadora do expediente, Josefina Maestu Almeida, co visto e prace da concelleira de Cultura, Ensino e Desenvolvemento Económico, dona Patricia Vázquez Figueroa asinada o 20-06-2022, onde consta a proposta desta actividade.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**



Primeiro.- Que se realice a Saída Sociocultural á Ribeira Sacra o día 9 de xullo de 2022, coas seguintes visitas e características:

DESTINO:	<i>Ribeira Sacra – Castro Caldelas</i>
DATA:	<i>9 de xullo de 2022</i>
HORARIO:	<i>8:00 a 22:00 horas</i>
PARTICIPANTES:	<i>Persoas maiores de 18 anos empadroadas no Concello de Bergondo 108 persoas participantes + 2 monitoras acompañantes</i>



CONCELLO DE BERGONDO



Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

COMIDA:	RESTAURANTE CASA LELO <ul style="list-style-type: none">- <i>Empanada de carne con ensalada mixta.</i>- <i>Lacón asado con patacas ao forno.</i>- <i>Viño Mencía da casa. Auga e gaseosa.</i>- <i>Bica da Ribeira Sacra.</i>- <i>Café de pucheiro.</i>
CALENDARIZACIÓN E DESCRICIÓN DA SAÍDA:	
8:00 horas	<i>Saída do Concello de Bergondo dirección ao embarcadero de Ponte do Sil con parada para almorzar.</i>
11:00 – 13:00 horas	Catamarán polo Canon do Sil.  <p><i>A mellor maneira de comprender a historia da Ribeira Sacra é facer un percorrido en catamarán. Os traxectos a bordo destas embarcacións, ofrécenos coñecer a paisaxe desde outra perspectiva, o río. Nos Canóns do Sil poden observarse desde calquera lugar as enormes masas rochosas, agrestes, dificilmente suavizadas pola erosión e o leito do Río Sil. Tamén poden apreciarse os imposibles viñedos plantados polos romanos no Século I e, posteriormente, consentidos polos monxes dos diferentes mosteiros que dan nome a esta zona da xeografía ourensá e lucense.</i></p>
13:00 – 13:30 horas	<i>Desprazamento cara o Miradoiro das Penas de Matacás.</i>
13:30 – 14:15 horas	Visita ao Miradoiro das Penas de Matacás.  <p><i>A máis de 500 metros elévase este miradoiro, situado, como o seu nome indica, sobre as Penas de Matacás. Desde el, teremos unhas impresionantes vistas do Canón do Sil. O río Sil fai de fronteira natural entre as provincias de Lugo e Ourense neste tramo, polo que desde este miradoiro poderemos apreciar no seu cara Norte, é dicir, á dereita, os viñedos da subzona de Amandi, na provincia de Lugo; mentres que á esquerda, atoparemos as ribeiras do Sil pertencentes a Abeleda, provincia de Ourense.</i></p>
14:15 – 14:30 horas	<i>Desprazamento caro ao Mesón Casa Lelo</i>
14:30 – 16:30 horas	<i>Comida</i>



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

16:30 – 17:00 horas	<i>Desprazamento a Castro Caldelas</i>
17:00 – 18:00 horas	<p>Visita ao Castelo de Castro Caldelas.</p>  <p><i>O castelo de Castro Caldelas foi construído entre os anos 1336 e 1343 por orde do entón señor de Lemos co propósito de defender os dominios que lle eran cedidos polo rei Alfonso IX. Esta fortaleza tivo importancia durante a coñecida como Revolta Irmandiña que terminou cunha destrución parcial do castelo. En 1560 terminouse de reconstruír xa como palacio residencial e en 1777 o castelá pasou a ser propiedade da Casa de Alba e pouco despois o Señorío de Lemos incorporouse á devandita casa nobre. Finalmente, non fai moito, en 1992, os duques de Alba cedérono en usufruto ao concello de Castro Caldelas para un uso cultural. Na visita ao castelo pódese pasear pola muralla, subir á Torre da Homenaxe e tamén ver a Torre do Reloxo. No seu interior alberga un museo etnográfico con múltiples pezas, ademais dunha sala dedicada aos precursores da cultura da lingua galega, Vicente Risco e Manuel Casado. Tamén chama a atención o espazo dedicado a Irrio, un personaxe con máscara que sae nas festas do pobo os días 6, 7, 8 e 9 de setembro co dereito de pegar á xente, salvo ao alcalde, tradición popular que ten documentación escrita desde 1839.</i></p>
18:00 – 19:15 horas	<p>Tempo libre polo pobo de Castro Caldelas.</p>  <p><i>Castro Caldelas forma parte da lista de pobos bonitos de España. Nel poderase gozar de bonitas e moi coidadas casas con galerías brancas, típica arquitectura de Galicia, e tamén de casas de pedra que falan da puxanza da vila durante a época medieval.</i></p>
19:15 – 22:00 horas	<i>Viaxe cara Bergondo con parada técnica.</i>



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Segundo.- Que se aproben as bases que rexen esta actividade culturais, as cales son as seguintes:

1. FORMA DE INSCRICIÓN: ata o 22 de xuño ás 15.00 h

- De 9.30 a 15.00 h telefonicamente nos seguintes teléfonos:

981 79 12 52 (extensión7)

650 62 92 79

- No correo electrónico cultura.deportes@bergondo.gal, indicando: nome, apelidos, número de DNI e teléfono.

- No seguinte formulario:

<https://docs.google.com/forms/d/13dcuomLjbRSMuyAmjNucTNnX3QNi6Lh5xbW3jE8HWNI/edit>

2. Listaxes provisionais. Serán publicadas día 23 de xuño na páxina web do concello e na Casa de Cultura.

3. SORTEO: Os asentos sortearanse o 23 de xuño, ás 10.00 h na Casa da Cultura. En caso de haber máis solicitudes que prazas, realizarase un sorteo das persoas solicitantes. Tanto para o sorteo de prazas coma de asentos no autobús, terán preferencia as persoas empadroadas neste concello e terase en conta a unidade familiar.

4. Listaxes definitivas. Serán publicadas das o día 23 de xuño na Casa de Cultura e na páxina web do concello (bergondo.gal).

5. PAGOS: 4 e 5 de xullo

6. COTA: 20 € (todo incluído)

7. Reducións de cotas

a) 50% para familias numerosas. Deberán presentar o título ou o libro de familiar numerosa.

b) 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais, previo informe da Área de Benestar Social.

c) 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.

d) 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina do INEM, cuxa data coincida co período de preinscrición.

Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

8. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de **efectuar as modificacións na programación e desenvolvemento desta actividade.**

Terceiro.- Que se publiquen estas bases na páxina web oficial do Concello de Bergondo: bergondo.gal”

Bergondo, 21 de xuño de 2022

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez